

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A MINIMIZACION DO IMPACTO DAS PATOLOXIAS BACTERIANAS EN CRIADEIROS DE BIVALVOS. ASPECTOS PRÁCTICOS E AXUDA A PRODUCCION

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar formalizou coa Universidade de Santiago o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa firma por todas as Partes ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer os termos e condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago na “Minimización de impacto das patoloxías bacterianas en criadeiras de bivalvos. Aspectos prácticos e axuda a produción”, nas accións de investigacións do CIMA.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Consellería do Mar e Universidade de Santiago de Compostela consideran esencial o establecemento de accións conxuntas que permitan realizar os traballos propostos nas accións de investigación desenvolvidas no Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) relacionadas co cultivo en criadeiro de semente de moluscos bivalvos. O grupo de traballo CIMA-USC constitúe un binomio único que garante unha serie temporal singular e diversa de datos que, en conxunto, son a base imprescindible para desenvolver a acción de investigación. É precisa a participación de ambos grupos na recompilación e análise de datos históricos froito da súa longa colaboración, así como na súa posterior avaliación e busca de aplicabilidade. Dado que esta vía é a única para optimizar o rendemento do traballo de colaboración previo, CIMA e USC consideran de máximo interese afrontar esta actividade conxunta.

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



A produción en criadeiro de semente competente de bivalvos, con garantías e de modo rendible, continúa a ser un colo de botella a nivel global. A incidencia do problema en todo o mundo indica que a solución ha ser complexa, pero ao mesmo tempo que calquera avance será de gran interese. É imprescindible elaborar protocolos de produción que garantan resultados nos criadeiros baixo estas condicións para que resulte un investimento interesante (empresas, organizacións de produtores).

O obxectivo é axudar á produción de distintas especies de moluscos mediante a posta a punto de procedementos microbiolóxicos de manexo en criadeiro, integrados nos procedementos de rutina establecidos na planta.

Para acadar este obxectivo propóñense tres obxectivos específicos:

1. Integrar por parte da USC-Microbioloxía nunha única actividade o seguimento das actuacións microbiolóxicas nos cultivos de moluscos bivalvos realizados ao abeiro das accións de investigación despregadas nas distintas instalacións de cultivo da Consellería do Mar, co fin de racionalizar a xestión científica e económica, mantendo a participación da CIMA, nos aspectos técnico/biolóxicos sen necesidade de financiamento adicional.
2. Avanzar na innovación dos protocolos microbiolóxicos en uso para axudar a optimización da produción de semente de bivalvos.
3. Implantar estes protocolos microbiolóxicos nas instalacións de cultivo de moluscos bivalvos das que dispón a Consellería do Mar.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Susana Rodríguez Carballo
(*asinado dixitalmente*)

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal

